

## Producción da entrevista narrada

ao redor do tema: as campañas sobre as linguas minorizadas

### 1. Que é o que cómpre facer.

Unha entrevista narrada cunha extensión entre unha cara de folio e dúas caras. Como sabemos, este xénero textual ten como base a conversa dunha quedada, dun café, dun almorzo ou doutra situación que facilite a interacción informal entre a persoa entrevistadora e a entrevistada. Pódese dicir que é a crónica dunha entrevista.

Nota: non se debe confundir coa entrevista narrativa, na que a presenza do entrevistador é mínima.

### 2. Cales son os trazos xerais do xénero.

Adoita incluír:

- a narración -moi axustada- do encontro,
- a descrición mínima do lugar ou do ambiente,
- certos detalles sobre o comportamento durante a entrevista (como se desenvolve a persoa)
- e a recolleita en estilo directo e/ou indirecto das declaracións que se extraen das cuestións.

Destaca a presenza relevante do emisor (o/a xornalista coprotagonista do que conta), coa posta de relevo das reaccións, a escolla das ideas transmitidas, a síntese da conversa ou a glosa (aclarácións e comentarios). No caso de abordar temas controvertidos, mesmo poderá contrastar o que di a entrevistada co que aquel/a sabe; ou sexa, poderá contextualizar, matizar e valorar; mais sempre de xeito puntual, sen compoñer un artigo de opinión. E é que, malia esa presenza do emisor, domina -ou cando menos ten gran peso- a 3º persoa.

### 3. Que se precisa para planificar o texto.

Debemos cando menos:

- a) Definir o tema (neste caso en relación coas campañas sobre as linguas).
- b) Determinar qué interesa saber (sobre experiencias, coñecementos e valoracións).
- c) Decidir que preguntas serán centrais (sobre 6 cuestións)\*.
- d) Prever como se recollerán os aspectos aos que cómpre atender durante a entrevista: ambiente, reaccións, declaracións (con anotacións sucesivas, cadro previo, gravación...).

\* As preguntas máis axeitadas para o caso serán aquelas, sempre abertas, que:

- faciliten a narración de experiencias,
- soliciten a achega de información ou a percepción de certezas e dúbidas sobre o tema,
- permitan percibir a postura da persoa entrevistada,
- procuren profundar en aspectos polémicos,
- impelan a situarse en contextos determinados e conviden a supoñer.

En todo caso, deben ser preguntas curtas e claras. Cando conveña poñer en situación, farase antes da pregunta.

### 4. Como se estrutura e redacta o texto.

Comporemos de acordo coa seguinte estrutura, á que acompaña un modelo parcial adaptado do blogue *Almorzo con*.

1º) Titular, preferentemente declarativo, unha cita entre aspas.

*"A vida é un cómic. E os cómics, a miña vida"*

2º) Introducción contextualizadora: intención do encontro, identificación da persoa entrevistada, lugar da cita, impresións iniciais...

*David leva un tempo agardando por min, sentado nunha das mesas que dan ás fiestras do bar. Ao entrar, véxoo tomando unha cervexa. A alegría de reencontrarse é mutua e tamén me confesa que lle interesa esta entrevista. O caso é que este vendedor de 31 anos, co soño de ser debuxante como profesión, ten un talento indiscutíbel.*

3º) Corpo narrativo cos intercambios relevantes. Seguimento do máis destacado da conversa, con incorporación de declaracións en modo indirecto e directo.

*Ao regresar co seu lapis, aclara que este mundo é subxectivo, “depende do editor que coñezas, destacarán uns defectos ou outros. Buscan algo que poida ter éxito; aínda que isto, ás veces, implica que non teña calidade”. Noto que a súa voz é máis decidida, ao mesmo tempo que a súa ilustración. Ten claro que a súa vida como debuxante será unha loita constante, como a do guerreiro que cae en numerosas ocasións na batalla.*

*Cando por fin atopa a pose na que debuxar, pregúntolle pola súa vida.*

*- Podes imaxinar a túa vida sen cómics? David detén a súa creación e mírame.*

*- En absoluto, os cómics son a miña paixón. Como farías na vida se non tiveses ollos?*

4º) Peche narrativo ou conclusivo.

*Cando me entrega o debuxo rematado, insiste en que lle encantaría dedicarse a editar as súas historias. “É un soño ao que non quero renunciar”. Mentres se perde pola rúa escura cara á casa, deséxolle a mellor das sortes.*

## 5. Como e cando se entrega.

A realización debe ser individual e plenamente persoal; mesmo que se prepare en parellas, posto que cada un/unha dará a súa versión do encontro e centrarase nas cuestións que lle formulou á outra persoa.

Alén diso, convén traballar o formato para achegarse, sen rixideces, aos textos xornalísticos: titular en letra destacada (tamaño 18-24), corpo con parágrafos claramente separados (con espazamento de 10 ou 20), imaxe -se a houber- xustificada, etc.

A data límite de entrega do texto é o venres 3 de novembro. Farase en papel, escrito a man ou impreso; só en caso de necesidade, enviarase documento dixital ao correo [dplingua@gmail.com](mailto:dplingua@gmail.com)